

Central de balances trimestral

Cuarto trimestre de 2006

COMUNICADO

Mantense o incremento dos ingresos de explotación

As 124 empresas que nos permiten facer unha comparación homoxénea entre os cuartos trimestres dos anos 2005 e 2006 indican unha taxa de crecemento dos ingresos de explotación do 29,7%, o que confirma a tendencia positiva de todo o ano. No que respecta á evolución interanual dos agregados e manexando a información desas 124 empresas podemos concluír que o valor engadido bruto presenta unha taxa de crecemento positiva, a unha taxa do 9,7%, relacionada coa anterior polo taxa de crecemento dos consumos de explotación, que alcanza no último trimestre do ano 2006 unha taxa de crecemento do 35,5%.

Incremento do indicador de clima industrial (ICI)

As expectativas empresariais, medidas a través do ICI, manteñen a recuperación iniciada o trimestre anterior, despois da caída espectacular presentada no segundo trimestre de 2006. Aumentan as expectativas de produción, da carteira de pedidos e do nivel de existencias para o primeiro trimestre do 2007 con respecto ao cuarto trimestre de 2006.

Evolución do indicador de confianza industrial

| PERÍODO | ICI | Nº EMPRESAS |
|---------|------|-------------|
| 2005 | | |
| 1º TRIM | 3,4 | 135 |
| 2º TRIM | 6,9 | 126 |
| 3º TRIM | 0,5 | 121 |
| 4º TRIM | 7,8 | 112 |
| 2006 | | |
| 1º TRIM | 13,9 | 103 |
| 2º TRIM | 1,6 | 96 |
| 3º TRIM | 7,6 | 90 |
| 4º TRIM | 9,3 | 80 |

Fonte: IGE. Central de balances trimestral.

Novo crecemento do activo circulante

No apartado de investimento, coa mostra homoxénea entre os cuartos trimestres dos anos 2005 e 2006, atopamos aumentos do 1,2% no activo fixo fronte ao 6,3% no activo circulante. O activo total crece polo tanto un 3,9%.

O crecemento interanual dos recursos propios é superior á dos recursos alleos

No tocante ao financiamento, a variable de recursos propios presentou no último trimestre de 2006 unha taxa interanual positiva do 4,3%, mentres que a taxa de crecemento interanual que presentan os recursos alleos situouse no último trimestre de 2006 no 3,8%.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>